

## Un bosque de arte

### O artista Carlos Latorre realizará unha plantación artística



#### N.B.L. | Vigo

O outeiro fronte á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais será na mañá do luns escenario dunha curiosa actividade, unha plantación artística da man de Carlos Latorre.

Esta mostra será o resultado final dunha obra en proceso iniciada na primavera de 2004 coa selección de cinco proxectos presentados por seis artistas formados na Facultade de Belas Artes de Pontevedra: Amaya González Reyes, Irene González, Diana Lores, Cris Iglesias, Carlos Latorre e Jorge Migoya. Neste momento cada unha das propostas está na súa fase final de

producción e montaxe. A obra de Latorre forma parte desta exposición colectiva "EU, MUSEO", comisariada por Carmen Cantón, que se inaugurará no Espazo Anexo do MARCO o día 17 de decembro.

"Crear bosques", de Carlos Latorre, é un proxecto que combina accións artísticas e de repoboación forestal, e que inclúe entre outras actuacións a creación dunha "fraga da arte" nos terreos do campus. Isto foi posible grazas á colaboración da Oficina de Medio Ambiente da Universidade, coa cesión de 200 árbores de especies autóctonas e do terreo para proceder á súa plantación.

O proxecto culminará unha das súas fases coa plantación das primeiras 60 árbores. Todas elas estarán apadriñadas por axentes do mundo da arte (directores de museo, galeristas, comisarios, críticos, artistas) que previamente enviaron ao artista as súas "tarxetas de apadriñamento", elixindo unha especie das 11 dispoñibles (pradairo, érbedo, bidueiro, castañeiro, abelaira, estripeiro, freixo, acivro, loureiro, carballo e sobreira).

A partir de aquí realizarase a clasificación das especies por grupos e elaborárase un mapa topográfico coa localización de cada un nesta "fraga da arte". Estas e outras accións que forman parte do proxecto quedarán documentadas na exposición do Espazo Anexo do MARCO.

#### Pasos previos

A primeira vez que o artista visitou o campus atopouse coa dificultade de dar cun bo encadre para a súa primeira intervención, un plano secuencia que marcasse os pasos dunha persoa autoplantándose. A realización das fotos precisaba dun plano no que a presenza dos edificios non lle restase interese á acción que quería desenvolver. "A primeira árbore", como se denominou a esta primeira actuación do artista, converteuse nun acto simbólico de ser a primeira árbore plantada dentro do proxecto "Crear bosques".

Os diferentes encontros con Ignacio Munilla, responsable da Oficina de Medio Ambiente da Universidade, serviron para asesorar ao artista sobre o sitio pensado para a plantación, como realizala e o tipo de especies de que dispón a Universidade.

Despois de numerosas accións decidiuse que o proxecto tomara un rumbo máis ambicioso. Se nun principio, tratábase dun proxecto de colaboración que invitaba a diferentes directores de museo, comisarios, galeristas e artistas a ceder as súas plantas para realizar unha instalación no Anexo, agora a finalidade do proxecto é reforestar unha zona de Galicia con árbores autóctonas seleccionadas por personalidades da arte. "Desta forma, a acción pretende un 'apadrinamento dun árbore', como cariñosamente o denominamos", di o artista.